

RECUPERACIÓN DE PENDENTES

O profesorado do departamento de Bioloxía e Xeoloxía estará a disposición dos /as alumnos /as para resolver todas aquelas dúbidas que lles poidan xurdir ó longo do curso.

Alumnado coa materia pendente de 1º e 2º de ESO: Na avaliación destes alumnos terase en conta:

Proba escrita, que se realizará en maio onde os/as alumnos/as poñan de relevo os seus coñecementos teóricos nas preguntas ou cuestións sobre os contidos mínimos da materia e que constitúe o 80 % da nota.

Actividades a desenvolver ó longo do curso escolar e que constituirá o 20 % da nota. A profesora entregará os/as alumnos/as unha serie de actividades para que as traballen ó longo do curso escolar, coa finalidade de levar un seguimento continuo deses alumnos /as. Unha vez realizadas, e no prazo establecido, deberán ser devoltas á profesora que as corrixe e aclarará as posibles dúbidas que poidan xurdir. Os prazos de entrega destas actividades son despois de Nadal e a volta de Semana Santa. Coa realización destas actividades o/a alumno/a pode conseguir ata 2 puntos (un punto en cada unha delas) que se sumarán a cualificación obtida no exame, sempre que as faga satisfactoriamente (0.8 puntos), teñan unha boa presentación (0.2 punto por actividade) e respecten os prazos establecidos para entregalas a súa profesora (fóra dese prazo non puntúa).

Haberá que acadar unha nota de 5 para aprobar a materia.

Alumnado coa materia de 3º da ESO pendente: O alumnado fará dúas probas escritas: unha en Febreiro (temas 1-6) e outra en Maio (temas 7-13), dividindo así a materia en dúas partes, nas que deberá respostar a preguntas ou cuestións sobre os contidos mínimos desta.

Cada proba valorarase sobre 10 puntos. A nota final virá dada pola media das dúas probas, se nalgunha delas a nota fose inferior a 3 non se fará media. Para acadar o aprobado a nota media das dúas probas será dun 5.

Bioloxía e Xeoloxía de 1º de BAC pendente: O alumnado fará dúas probas escritas: unha no mes de Febreiro (temas 1-9) e outra en Maio (temas 10-18), dividindo así a materia en dúas partes, nas que deberá respostar a preguntas ou cuestións sobre os contidos mínimos desta.

Cada proba valorarase sobre 10 puntos. A nota final virá dada pola media das dúas probas, se nalgunha delas a nota fose inferior a 3 non se fará media e considerarase a materia suspensa. Para acadar o aprobado a nota media das dúas probas será dun 5.